

INSTRUCCIÓN PARA A PARTICIPACIÓN (XUVENTUDE CREA 2025)

A) Para presentar a solicitude debes seguir os pasos descritos a continuación en función de se estás obrigado/a a realizar a solicitude electronicamente ou non:

*Persoas obrigadas a formular a solicitude electronicamente: persoas xurídicas, persoas traballadoras autónomas, entidades sen personalidade xurídica, as persoas que exerzan unha actividade profesional para a que se requira colexiación obrigatoria e as persoas representantes destas

*Persoas que non estando obrigadas escollen voluntariamente esta opción (é a vía de presentación recomendada):

1º Accede á sede electrónica da Xunta de Galicia nesta ligazón

-Preme no botón “Tramitar en liña”

-Abrirase unha pantalla informativa sobre a necesidade de dispor de [Chave 365](#) ou certificado electrónico para acceder. Preme no botón “Aceptar”.

-Introduce o teu DNI, NIE ou NIF e o teu contrasinal de Chave 365 ou identifícate co teu certificado dixital.

2º Cubre o formulario de participación

-É preciso que se cubran todos os campos do formulario que se identifican como obrigatorios (o sistema non permite avanzar á seguinte páxina se non constan cubertos todos os campos marcados como ***requirido** e amosará a seguinte mensaxe de erro:

Corrixe os erros do formulario para poder continuar

-É imprescindible que se cubran correctamente todos os campos correspondentes aos datos de identificación da persoa solicitante: nome e apelidos (**DEBE FIGURAR O MESMO QUE NO TEU DNI/NIE**) e tamén o teu teléfono (debes modificar os datos no caso de que figuren incorrectos na información que se ofrece na sede)

-Ademais debes cubrir todos os datos relativos os teus datos bancarios, especialidade pola que participas, a modalidade de participación se participas por Artes plásticas, Música ou Teatro, pseudónimo (nunca pode dar lugar a identificación da persoa que participa), se participas en grupo ou non e, se o fas, todos os datos identificativos das persoas que forman o grupo, título da obra ou colección así como as declaracións responsables, a documentación que presentas e o consentimento para a comprobación de datos.

-Só se permite presentar na mesma solicitude a participación para unha das especialidades. No caso de querer presentarse a varias, a persoa solicitante deberá efectuar unha solicitude para cada especialidade

-Unha vez cuberta correctamente a solicitude, preme no botón [Paso seguinte](#)

3º Anexar documentación

-Preme no botón



-Introduce o nome do documento que vas a engadir e preme no botón Continuar

-Preme no botón examinar e engade a documentación que debes presentar segundo a especialidade pola que participas (no caso de que teñas que achegar documentación separada da solicitude de xeito presencial polo seu tamaño ou por non ser susceptible de dixitalización, engade un escrito para indicarnos que a documentación que falta se engade de xeito presencial).

-Preme no botón asinar e enviar

4ª Asinar e enviar

-Antes de asinar verifica que a túa solicitude está correctamente cuberta e preme no botón asinar e enviar (podes asinar coa túa chave 365 ou con certificado electrónico)

-Descarga o teu xustificante de entrega

***Persoas non obrigadas a formular a solicitude electronicamente: grupos informais e persoas físicas**

-Aínda que a opción recomendada é a vía electrónica, opcionalmente, podedes presentar as solicitudes de xeito presencial en [calquera dos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común](#), utilizando o formulario normalizado dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia.

-É imprescindible que se presente o formulario dispoñible na sede electrónica no que consta o **código de procedemento BS310Q**.

-Só se permite presentar na mesma solicitude a participación para unha das especialidades. No caso de querer presentarse a varias, a persoa solicitante deberá efectuar unha solicitude para cada especialidade.

B) Presentación de documentación separada da solicitude en vía electrónica.

-Cando sexa preciso presentar documentación que non se achegou coa solicitude de participación por calquera causa e, sempre dentro do prazo de presentación de solicitudes (desde o 30 de agosto ata o 29 de setembro de 2025), é necesario proceder do seguinte xeito:

1º [Accede á sede electrónica da Xunta de Galicia.](#)

-Identifícate mediante a Chave 365 ou certificado electrónico para acceder.

-Preme na lapela Expedientes

2º Localiza o expediente correspondente a túa solicitude de participación en Xuventude Crea 2025 (código de procedemento BS310Q) e preme no botón Acción: Achega de documentación separada da solicitude.

3º Cubre todos os campos do formulario e preme no botón Paso seguinte.

Neste paso debes anexar a documentación que queres engadir. A aplicación solicitará primeiro que indiques un nome descritivo do arquivo que vaías a subir e a continuación deixárase examinar o teu directorio para subir a documentación. Podes subir toda a documentación xunta nun arquivo só ou podes subir un arquivo por cada documento.

Unha vez anexada a dita documentación, preme no botón Paso seguinte.

4º Asinar e enviar

-Antes de asinar verifica que a túa solicitude está correctamente cuberta e preme no botón asinar e enviar (podes asinar coa túa chave 365 ou con certificado electrónico)

-Descarga o teu xustificante de entrega

C) Presentación dos documentos a presentar de forma electrónica cando superan os tamaños máximos establecidos ou teñen un formato non admitido pola sede electrónica da Xunta de Galicia

-Cando os documentos que se teñen que presentar superan os tamaños máximos establecidos na sede ou teñen un formato non permitido, en especial, nas especialidades de creación de videoxogos, danza moderna, DJ (disc-jockey), moda, música, teatro e videocreación, permitirase a presentación destes de forma presencial dentro do prazo de presentación de solicitudes (desde o 30 de agosto ata

o 29 de setembro de 2025). É imprescindible que se a presentación se realiza de xeito presencial se identifique nesta nova presentación o código de procedemento BS310Q e a especialidade pola que te presentas para poder identificar que esta documentación se ten que engadir á solicitude de participación presentada inicialmente. Así mesmo debes indicar o **órgano responsable do procedemento** (Dirección Xeral de Xuventude, Subdirección Xeral de Programas e Asesoramento para a Xuventude, Servizo de Programas e Mobilidade Xuvenil), o **número de rexistro de entrada da solicitude inicial** e o número de expediente.

IMPORTANTE:

*Non se pode empregar a solicitude xenérica PR004A para realizar a presentación da solicitude de participación neste procedemento nin tampouco para achegar ningunha outra documentación. Xuventude Crea ten o código de procedemento BS310Q e todas as solicitudes de participación deben empregar o formulario normalizado dispoñible na sede con independencia de se a presentación se realiza de modo electrónico ou presencial. As achegas de documentación que se realicen de xeito separado tamén deben formularse en vía electrónica como se indica na epígrafe B ou se se utiliza a presentación presencial como se indica na epígrafe C.

* Se tes dúbidas sobre como formular a túa solicitude ou sobre o procedemento, contacta con nós nos teléfonos 981-545822, 981-545702, 981-541689, 881-999049, 881-999567 ou no correo electrónico: xuventudecrea.cps@xunta.gal